



## eBiblio Galicia

### Como funciona?

### Introducción

**eBiblio** é un servizo de préstamo electrónico a través de Internet, que as bibliotecas e servizos de lectura pública poñen a disposición do cidadán. eBiblio ofrece unha plataforma tecnolóxica que permite acceder ao catálogo e realizar o préstamo de obras en formato dixital para poder lelas en diferentes dispositivos: tabletas, teléfonos intelixentes, ordenadores persoais ou lectores de libros electrónicos.

eBiblio está promovido polo Ministerio de Cultura y Deporte en colaboración coas Comunidades Autónomas. O servizo de préstamo en Galicia é eBiblio Galicia.

### Que preciso para acceder ao préstamo en eBiblio Galicia?

Para utilizar eBiblio necesítase o carné de usuario das bibliotecas e servizos de lectura pública.

Os usuarios da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia poderán acceder a eBiblio Galicia para facer os préstamos identificándose mediante a súa clave de usuario e contrasinal.

Se non lembras o contrasinal, podes recuperala desde <https://registro.galicia.e.gal/cgi-bin/account-update.pl?rel=remember>

Pulsa en *Enviar* e chegarache ao correo electrónico unha mensaxe para cambiar o contrasinal.

Na páxina de eBiblio, no apartado *Como funciona eBiblio?* Ao final deste documento e, próximamente na páxina de eBiblio, atoparás unha serie de informacións, vídeos e preguntas más frecuentes sobre o funcionamento deste servizo.



## Que podo atopar en eBiblio Galicia?

eBiblio Galicia ofrece aos ciudadáns unha colección de novedades editoriais de todo tipo. De acordo coa clasificación que se utilizou para a selección e adquisición das obras, existen libros electrónicos co seguinte contido:

- Ficción para público adulto, incluíndo narrativa, poesía e teatro.
- Obras xerais sobre ciencia e tecnoloxía, ciencias sociais, arte e humanidades.
- Obras xerais relacionadas con cuestiós de saúde, autoaxuda e desenvolvemento persoal, formas e actividades relacionadas co lecer, viaxes, deportes e informática de interese xeral.
- Ficción orientada ao público infantil e xuvenil, incluíndo narrativa, poesía e teatro.
- Obras de non ficción para o público infantil e xuvenil, incluíndo todo tipo de materias (arte, música, historia, ciencia e tecnoloxía, lecer, deportes etc.)
- Audiolibros, versións íntegras da obra escrita, narradas por profesionais e gravadas en formato audio.

## A quien podo dirixirme para obter máis información sobre o servizo?

Para solicitar calquera información adicional sobre o servizo podes porche en contacto coa túa biblioteca.

## Dispositivos e aplicacións de lectura compatibles

Un libro dixital pode lerse en diferentes dispositivos:

- un ordenador;
- un lector electrónico;
- unha tableta táctil;
- un teléfono intelixente.

Para ler un libro que tomaches prestado, o dispositivo e a aplicación de lectura que esteas utilizando deben ser compatibles cos formatos EPUB e PDF. Deben permitir, igualmente, ler libros protexidos con ferrollo dixital ou Digital Rights Management (DRM en inglés). Nesta



guía atoparás unha listaxe cos principais dispositivos e aplicacións de lectura compatibles co préstamo dixital.

#### Que é un seguro ou bloqueo dixital (DRM)?

Un seguro ou ferrollo dixital, coñecido tamén como Digital Rights Management (DRM) en inglés, é un dispositivo de protección integrado nun libro dixital concibido para protexelo contra a vulneración dos dereitos de autor. É un seguro que permite controlar diferentes parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración. Hai dous ferrollos que se utilizan para os préstamos de libros dixitais.

O seguro ACS (Adobe Content Server) é a solución que ofrece Adobe. Para poder consultar un libro protexido con ACS precisas unha conta Adobe (un identificador persoal e gratuito) e utilizar unha aplicación de lectura compatible.

O seguro LCP (Licensed Content Protection) é unha solución aberta desenvolvida pola fundación Readium, que agrupa máis de 80 membros relacionados con sector do libro dixital. Se usas a aplicación de lectura eBiblio no teu dispositivo móvil iOS ou Android, este é o seguro dixital que será empregado.

#### Cal é a diferenza entre un lector de libros e unha tableta?

As tabletas son dispositivos multimedia que xeralmente teñen a maioría das funcións dun ordenador portátil. Os lectores de libros (e-readers), en cambio, son dispositivos dedicados á lectura, cuxas funcións son moito más reducidas, pero cuxa visualización está optimizada para a lectura. A batería ten unha duración máis longa (varios días, mesmo semanas).

# Lectores

## Lectores compatibles

Modelos	EPUB	PDF
<b>Kobo</b> Aura, Aura ONE, Aura H2O, Aura HD, Clara HD, Forma, Glo, Glo HD, Libra H2O, Nia, Touch, Touch 2.0	✓	✓
<b>NOOK</b> GlowLight, GlowLight 3, GlowLight Plus 6, GlowLight Plus 7.8, SimpleTouch, SimpleTouch GlowLight	✓	✓
<b>PocketBook</b> Basic 3, Basic Lux 2, InkPad 3, InkPad X, Touch HD 3, Touch Lux 4	✓	✓
<b>Bookeen</b> Bookeen Saga, Cybook Muse, Cybook Muse HD, DIVA, DIVA HD	✓	✓
<b>Tolino</b> Epos 2, Page 2, Shine 2, Vision 5	✓	✓

## Lectores non compatibles

Amazon Kindle

Non poderás ler ningún libro da biblioteca nos lectores **Amazon Kindle** (con ningún modelo), xa que estes non son compatibles cos archivos en formato EPUB. En lugar de adoptar o formato estándar, os lectores Kindle son só compatibles con AWZ, un formato desenvolvido e vendido únicamente por Amazon. As tabletas Amazon Fire, que utilizan un sistema de explotación Android poden, con todo, ser compatibles.



# Tabletas

## Tabletas compatibles

Modelos	EPUB	PDF
<b>Apple</b> iPad 2 <sup>da</sup> generación y posteriores, iPad Air, iPad Mini, iPad Pro	✓	✓
<b>Android</b> Acer Iconia, Amazon Fire, ASUS ZenPad, Google Nexus y Pixel, Huawei MediaPad, Lenovo Tab, LG G Pad, Samsung Galaxy Tab y otros modelos de otros fabricantes.	✓	✓
<b>Chromebook</b> Chromebooks que soportan aplicaciones Android (modelos comercializados en 2019 y posteriores).	✓	✓
<b>Microsoft Surface</b> Surface Book, Surface Pro	✓	✓

## Tabletas non compatibles

Para poder ler nunha tablet un libro dixital prestado, tes que usar unha aplicación de lectura compatible, descargada desde a tenda de aplicacións da túa tablet (App Store en iOS, Google Play en Android). Algúns modelos de tabletas más antigos non permiten descargar aplicacións compatibles, é o caso das tabletas seguintes:

- Chromebooks que non soportan as aplicacións Android (modelos comercializados antes do 2019)
- iPad 1<sup>a</sup> xeración
- Microsoft Surface RT e Surface Go



# Aplicacións de lectura

## Aplicación de escritorio compatible

Aplicación	Sistema de explotación			Formatos soportados		Función	Seguro digital	Precio
	iOS	Android	Linux	EPUB	PDF			
Adobe Digital Editions	✓	✓	✗	✓	✓	✓	✓	✓

## Aplicacións móveis compatibles

Aplicación	Sistema de explotación			Formatos soportados		Función	Seguro digital	Precio
	iOS	Android	EPUB	PDF	Devolución anticipada	ACS	LCP	Gratis
eBiblio	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✓
Aldiko Next	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✓
Adobe Digital Editions	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓
Aldiko Classic	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓
Bluefire Reader	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗
Bookari Ebook Reader	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗
Pocketbook reader	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓

## Aplicación de escritorio non compatible

Adobe Reader

Non é posible ler un libro prestado da biblioteca co programa **Adobe Reader**, posto que este programa non permite ler un arquivo protexido cun seguro dixital (DRM). Este seguro controla os diferentes parámetros dun préstamo dixital, en particular a súa duración.

## Aplicacións móveis non compatibles

Para ler nunha tablet ou nun teléfono intelixente un libro dixital prestado debes utilizar unha aplicación móvil que che permita ler un arquivo protexido por un seguro dixital (DRM). Este seguro permite controlar os diferentes parámetros dun préstamo dixital, en particular a súa duración. Varias aplicacións de lectura non manexan este tipo de seguro dixital esencial para os préstamos de libros dixitais dunha biblioteca. É o caso das seguintes aplicacións:



- Apple Books
- Application Kindle
- Application Kobo
- Application Nook
- Application Overdrive
- FBReader
- Moon+ Reader
- Txtr

## Guías de inicio segundo o dispositivo de lectura utilizado

Para ler un libro dixital prestado, consulta as guías de inicio segundo o dispositivo de lectura que utilices. Para coñecer todos os dispositivos de lectura e aplicacións compatibles vai á sección [Dispositivos e aplicacións de lectura compatibles](#)

### Que dispositivo utilizas?

[Lector de libros dixitais \(e-reader\)](#)

[Tableta ou teléfono iOS \(Apple\)](#)

[Tableta ou teléfono Android \(Google\)](#)

## Lector de libros dixitais

Os lectores non foron pensados para permitir directamente o préstamo de libros dixitais. Para ler un libro dixital que tomaches prestado terás que descargar o arquivo do libro nun ordenador e despois, desde a interfaz da web, transferir o libro ao teu lector utilizando o programa Adobe Digital Editions. Ter un identificador de Adobe é tamén un requisito. Segue as explicacións que se mostran a continuación para coñecer os pasos que é preciso seguir.

### Amazon Kindle

Non podes ler un libro dixital prestado da biblioteca nos lectores **Amazon Kindle** (ningún modelo) xa que non son compatibles cos arquivos en formato EPUB. En lugar de adoptar o formato estándar, os lectores Kindle son só compatibles con AWZ, un formato desenvolvido e vendido únicamente por Amazon. As tabletas Amazon Fire, que utilizan un sistema de explotación Android poden, con todo, ser compatibles.



## Que é un seguro ou bloqueo dixital (DRM)?

Un seguro ou ferrollo dixital, coñecido tamén como Digital Rights Management (DRM) en inglés, é un dispositivo de protección integrado nun libro dixital concibido para protexelo contra a vulneración dos dereitos de autor. É un seguro que permite controlar diferentes parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración. Hai dous ferrollos que se utilizan para os préstamos de libros dixitais.

O seguro ACS (Adobe Content Server) é a solución que ofrece Adobe. Para poder consultar un libro protexido con ACS precisas unha conta Adobe (un identificador persoal e gratuíto) e utilizar unha aplicación de lectura compatible.

O seguro LCP (Licensed Content Protection) é unha solución aberta desenvolvida pola fundación Readium, que agrupa máis de 80 membros do sector do libro dixital. Se usas a aplicación de lectura eBiblio no teu dispositivo móvil iOS ou Android, este seguro dixital que será empregado.

## Que é un identificador Adobe?

Un identificador Adobe é unha conta gratuíta que che permite abrir os libros protexidos polo seguro dixital e consultalos en varios dispositivos. Para poder ler o mesmo libro en varios dispositivos, cada un debe estar autorizado co mesmo identificador Adobe.

## Transferir un libro ao teu lector desde un ordenador PC

### **Etapa 1: Crear un usuario Adobe**

Se xa tes un usuario Adobe pasa directamente a [Etapa 2. Instalar a aplicación Adobe Digital Editions na túa PC.](#)

Un usuario Adobe é unha conta gratuíta que che permite abrir libros protexidos polo seguro ACS (Adobe Content Server). Este ferrollo permite controlar varios parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración.

1. Accede á páxina de conexión de Adobe: <https://accounts.adobe.com/>.
2. Fai clic en «Crear unha conta».
3. Enche o formulario e toma nota do enderezo de correo e o contrasinal que utilizaches. Le as Condicións de uso e fai clic en «Crear unha conta».



## Nota

O teu usuario Adobe é o endereço de correo electrónico que esribiches no formulario. Non te esquezas de anotala xunto co contrasinal que elixiches: estas dúas cousas serán necesarias para configurar todos os programas e dispositivos que requirán un usuario Adobe para ler libros dixitais.

Por tu seguridad, verifica tu identidad.

**Inicio de sesión**

¿Eres un nuevo usuario? [Crear una cuenta](#)

Dirección de correo electrónico

Continuar

O

Continuar con Google

Continuar con Facebook

Continuar con Apple

Protegido por reCAPTCHA y sujeto a [Política de privacidad](#) y [Condiciones del servicio](#) de Google.

## Etapa 2. Instalar Adobe Digital Editions no teu PC

Se xa tes instalado Adobe Digital Editions no teu ordenador e deches de alta o teu usuario Adobe, pasa directamente a [Etapa 4. Pedir prestados libros dixitais e descargarlos no meu PC](#).

A aplicación Adobe Digital Editions permíteleche abrir libros dixitais e transferilos ao teu lector.

1. Determina a versión de Adobe Digital Editions que debes instalar (ver [Que versión de Adobe Digital Editions debo instalar?](#)).
2. Para descargar a versión 3 de Adobe Digital Editions para PC, fai clic aquí: [http://download.adobe.com/pub/adobe/digitaleditions/ade\\_3.0\\_installer.exe](http://download.adobe.com/pub/adobe/digitaleditions/ade_3.0_installer.exe). Para descargar unha versión máis recente de Adobe Digital Editions, consulta a seguinte páxina e fai clic na ligazón de descarga de Adobe Digital Editions para Windows: <https://www.adobe.com/solutions/ebook/digital-editions/download.html>.
3. Unha vez que a descarga completouse, fai clic sobre o arquivo de instalación descargado desde o teu navegador para abrilo. Tamén podes acceder ao mesmo abrindo o cartafol de Descargas do teu ordenador.
  1. Fai clic sobre a icona que representa un cartafol na barra de tarefas do teu PC para abrir o explorador de arquivos.
  2. Fai clic no cartafol de Descargas.



3. Fai clic sobre o arquivo de instalación descargado que terá como extensión .exe.
4. Na ventá de instalación que aparece, marca a casa «Acepto os termos da licenza» e fai clic en «Seguinte».
5. Fai outra vez clic en «Seguinte» e logo en «Instalar».
  1. É posible que Windows che pida instalar .NET Framework 3.5 Service Pack 1 antes de continuar coa instalación. Se é o caso, instala este complemento antes de reiniciar a instalación de Adobe Digital Editions.
  2. Se se trata da túa primeira instalación de Adobe Digital Editions, aparecerá unha ventá de Get Norton Security Scan. Para evitar a instalación desta aplicación non solicitada, inactiva a casa na parte baixa da ventá antes de facer clic en «Seguinte».
6. Unha vez completada a instalación fai clic en «Pechar» para pechar o programa de instalación.

Que versión de Adobe Digital Editions debo instalar?

Poden xurdir algúns problemas en certos lectores cando se utilizan coa versión máis recente de Adobe Digital Editions. Cando se está transferindo un libro de Adobe Digital Editions ao lector, pode aparecer unha mensaxe de erro mencionando a imposibilidade de abrir o arquivo por mor dun problema de autorización. Por este motivo, **a instalación de a versión 3 de Adobe Digital Editions é a más recomendable**. Con todo, se desexas instalar a versión máis recente de Adobe Digital Editions posto que o teu lector non presenta este problema, está igualmente dispoñible unha ligazón á páxina de descarga desta versión.

Como saber que versión de Adobe Digital Editions está instalada no meu ordenador PC?

1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu ordenador.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Sobre Digital Editions».
4. A versión utilizada está indicada na ventá que aparece baixo o nome da aplicación.

Como podo desinstalar a versión actual de Adobe Digital Editions do meu ordenador PC para instalar a versión 3?

#### **Eliminar unha autorización do teu ordenador**

1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu ordenador.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Eliminar a autorización... ».
4. Introduce o contrasinal do teu usuario e fai clic en «Continuar».



5. Fai clic en «Eliminar a autorización» e logo en OK.

### Desinstalar Adobe Digital Editions

1. Fai clic na icona Windows na barra de tarefas do teu PC para abrir o menú Iniciar.
2. Busca a aplicación Adobe Digital Editions, fai un clic co botón dereito do rato e selecciona «Desinstalar».
3. Na ventá que aparece, fai clic novamente co botón dereito do rato sobre Adobe Digital Edition e selecciona «Desinstalar».
4. Fai clic en «Sí» para autorizar a desinstalación da aplicación.
5. Fai clic en «Desinstalar».
6. Cando termine a desisntalación, fai clic en «Pesar» para pechar o programa de desintalación.

Ás veces, os pasos precedentes non son suficientes para proceder adecuadamente á desinstalación completa de Adobe Digital Editions. Se tes un problema con isto suxerímosche utilizar un programa como [CCleaner](#) para limpar o teu ordenador de calquera pegada das antigas versións de Adobe Digital Editions.

Se isto non é suficiente, podes borrar os teus cartafoles de Adobe Digital Editions da base de rexistros de Windows. Para iso:

1. Fai clic na icona Windows na barra de tarefas do teu PC para abrir o menú Iniciar.
2. Fai clic en Executar
3. Escribe «`regedit`» na caixa de diálogo que aparece e despois vai a Entrada.
4. Localiza a clave seguinte `HKEY_CURRENT_USER>Software>Adobe>Digital Editions` e suprime o cartafol completo (fai clic dereito sobre ela e fai clic en «Suprimir»).
5. Localiza tamén `HKEY_CURRENT_USER>Software>Adobe>Adept` e suprime o cartafol completo.

## Etapa 3. Integrar o teu identificador Adobe a Adobe Digital Editions

Para poder ler libros dixitais prestados pola túa biblioteca, tes que autorizar o teu PC en Adobe Digital Editions introducindo o teu usuario Adobe.



1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu PC. Podes acceder ás túas aplicacións a partir do menú Iniciar facendo clic sobre a icona de Windows na barra de tarefas do teu ordenador.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Autorizar o ordenador...».
4. Introduce o enderezo de correo electrónico e o contrasinal utilizados na [Etapa 1. Crear un usuario Adobe](#).
5. Fai clic en «Autorizar».

Adobe Digital Editions está agora configurado para a lectura dos libros dixitais prestados. Xa non terás que repetir os pasos precedentes.

## **Etapa 4. Tomar prestado un libro e descargalo na túa PC**

Vai a eBiblio Galicia utilizando o navegador web do teu ordenador.

1. Co navegador web do teu ordenador percorre o catálogo para atopar o libro que queres pedir prestado.
2. Na páxina de resultados da procura ou na ficha detallada do libro, fai clic sobre o botón «Pedir prestado».
3. Fai clic no botón «Confirmar o préstamo».
4. Fai clic no botón «Descargar» para descargar o arquivo do libro dixital. Podes igualmente descargar o arquivo utilizando o vínculo que se che enviou por correo ou mesmo na sección «Préstamos e reservas» do teu perfil.
5. Fai clic no arquivo descargado desde o teu navegador para abrilo. Tamén podes acceder ao arquivo abrindo o cartafol de Descargas do teu ordenador.
  1. Fai clic na icona que representa un cartafol na barra de tarefas do teu PC para abrir o explorador de arquivos.
  2. Fai clic no cartafol Descargas.
  3. Fai clic no arquivo descargado que terá unha extensión .acsm.
6. De forma predeterminada, abrirase con Adobe Digital Editions.

O arquivo descargado ten a extensión .acsm debido ao seguro dixital co que está protexido.



## Etapa 5. Transferir un libro dixital ao teu lector a partir do teu PC

Asegúrate de abrir o programa Adobe Digital Editions para transferir ao teu lector, mediante o teu PC, o libro dixital que tomaches prestado.

1. Conecta o teu lector ao teu ordenador por medio do cable USB que acompaña o teu lector. Autoriza o teu PC no teu lector.
2. Na túa biblioteca de Adobe Digital Editions, selecciona o libro dixital que queres transferir ao teu lector.
3. Arrasta e solta o arquivo na icona do teu lector.
4. Unha vez rematou a transmisión do arquivo, fai clic na icono de expulsión do periférico na barra de tarefas do teu PC e fai clic en «Expulsar».
5. Desconecta o lector do teu ordenador de forma segura.

A primeira vez que transfiras un libro ao teu lector, este deberá estar autorizado co mesmo usuario Adobe que o programa Adobe Digital Editions.

## Etapa 6. Devolver un préstamo antes da data límite con Adobe Digital Editions

Asegúrate de abrir o programa Adobe Digital Editions no teu PC para devolver o libro dixital que tomaches prestado antes da data de vencimiento.

1. Na túa biblioteca de Adobe Digital Editions, selecciona o libro que queres devolver.
2. Fai clic con botón derecho do rato e logo clic en «Devolver o elemento prestado».

A devolución do libro farase efectiva nos minutos seguintes.

## Transferir un libro ao teu lector desde un ordenador Mac

### Etapa 1. Crear un usuario Adobe

Se xa tes un usuario Adobe pasa directamente á [Etapa 2. Instalar a aplicación Adobe Digital Editions na túa Mac](#).



Un usuario Adobe é unha conta gratuita que che permite abrir libros protexidos polo seguro ACS (Adobe Content Server). Este ferrollo permite controlar varios parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración.

1. Accede á páxina de conexión de Adobe: <https://accounts.adobe.com/>.
2. Fai clic en «Crear unha conta».
3. Enche o formulario e toma nota do enderezo de correo e o contrasinal que utilizaches. Le as Condicións de uso e fai clic en «Crear unha conta».

O teu usuario Adobe é o enderezo de electrónico que esribiches no formulario. Non te esquezas de anotala xunto co contrasinal que elixiches: estas dúas cousas serán necesarias para configurar todos os programas e dispositivos que requirán un usuario Adobe para ler libros dixitais.

● Por tu seguridad, verifica tu identidad.

#### Início de sesión

¿Eres un nuevo usuario? [Crear una cuenta](#)

Dirección de correo electrónico

Continuar

o

Continuar con Google

Continuar con Facebook

Continuar con Apple

Protegido por reCAPTCHA y sujeto a [Política de privacidad](#) | [Condiciones del servicio](#) de Google.

## Etapa 2. Instalar Adobe Digital Editions no teu Mac

Se xa tes instalado Adobe Digital Editions no teu ordenador e deches de alta o teu usuario Adobe, pasa directamente á [Etapa 4. Pedir prestados libros dixitais e descargalos no meu Mac](#).

A aplicación Adobe Digital Editions permíteleche abrir libros dixitais e transferilos ao teu lector.

1. Determina a versión de Adobe Digital Editions que debes instalar (ver [Que versión de Adobe Digital Editions debo instalar?](#)).
2. Para descargar a versión 3 de Adobe Digital Editions para Mac, fai clic aquí: [http://download.adobe.com/pub/adobe/digitaleditions/ade\\_3.0\\_Installer.dmg](http://download.adobe.com/pub/adobe/digitaleditions/ade_3.0_Installer.dmg). Para descargar unha versión máis recente de Adobe Digital Editions, consulta a páxina seguinte e fai clic na ligazón de descarga de Adobe Digital Editions para Mac: <https://www.adobe.com/solutions/ebook/digital-editions/download.html>.



3. Unha vez completada a descarga, fai clic sobre o arquivo de instalación descargado no teu navegador para abrilo. Tamén podes acceder ao arquivo abrindo unha nova ventá en Finder:
  1. Fai clic no escritorio do teu ordenador Mac.
  2. No menú, fai clic en «Arquivo».
  3. Fai clic en «Nova ventá Finder».
  4. Na túa ventá Finder, fai clic en «Descargas».
  5. Fai clic sobre o arquivo de instalación descargado (este terá unha extensión .dmg)
4. Na ventá de instalación que aparece, fai clic en «Digital Editions Instalar».
5. Fai clic en «Continuar», despois outra vez en «Continuar» e logo en «Aceptar» para aceptar os termos do contrato de licenza do programa.
6. Fai clic en «Continuar», logo en «Instalar», despois escribe o contrasinal do teu Mac e fai clic en «Instalar o programa» para lanzar a instalación.
7. Unha vez completada a instalación, fai clic en «Pechar» para pechar o programa de instalación.

#### Que versión de Adobe Digital Editions debo instalar?

Poden xurdir algúns problemas en certos lectores cando se utilizan coa versión máis recente de Adobe Digital Editions. Cando se está transferindo un libro de Adobe Digital Editions ao lector, pode aparecer unha mensaxe de erro mencionando a imposibilidade de abrir o arquivo por mor dun problema de autorización. Por este motivo recoméndase **a instalación de a versión 3 de Adobe Digital Editions, salvo se o sistema operativo do teu Mac é macOS Catalina (ou versións posteriores)**.

O sistema operativo macOS Catalina (e versións posteriores) non soporta as aplicacións de 32 bits, e a versión 3 de Adobe Digital Editions é unha aplicación de 32 bits, contrariamente á versión máis recente, que é unha aplicación de 64 bits. Se tes problemas coa transferencia dun libro de Adobe Digital Editions ao teu lector, e o sistema de explotación do teu Mac é macOS Catalina (ou unha versión posterior), entón terás que instalar unha versión máis antiga como Sierra, por exemplo. Para saber máis sobre a incompatibilidade das aplicacións de 32 bits a partir de macOS Catalina, consulta <https://support.apple.com/HT208436>.

#### Como podo saber a versión Adobe Digital Editions instalada no meu ordenador Mac?

1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu ordenador.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Sobre Digital Editions».
4. A versión utilizada está indicada na ventá que aparece baixo o nome da aplicación.



Como podo desinstalar a versión actual de Adobe Digital Editions do meu ordenador Mac para instalar a versión 3?

### **Eliminar unha autorización do teu ordenador**

1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu ordenador.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Eliminar a autorización...».
4. Introduce o contrasinal do teu usuario e fai clic en «Continuar».
5. Fai clic en «Eliminar a autorización» e logo en OK.

### **Desprazar o cartafol que contén os teus documentos Digital Editions**

1. Fai clic no escritorio do teu ordenador Mac.
2. No menú, fai clic en «Arquivo».
3. Fai clic en «Nova ventá Finder».
4. Na túa ventá de Finder, fai clic en «Documentos».
5. Fai un clic dereito no documento Digital Editions e selecciona «Cambiar o nome».
6. Cambia o nome do documento para que xa non sexa recoñecido por Adobe Digital Editions e desprázao ao escritorio do teu ordenador.

### **Desinstalar Adobe Digital Editions**

1. Abre a túa ventá Finder e fai clic en «Aplicacións».
2. Fai clic con botón derecho do rato sobre a aplicación Adobe Digital Editions e selecciona «Enviar á papeleira». Podes facer o mesmo co acceso rápido da aplicación.
3. Abre a barra de aplicacións do teu ordenador e fai clic con botón de reito do rato derecho sobre a papeleira. Selecciona «Baleirar a papeleira».

## **Etapa 3. Introducir o teu usuario Adobe a Adobe Digital Editions**

Para poder ler libros dixitais prestados, tes que autorizar o teu Mac en Adobe Digital Editions introducindo o teu usuario Adobe.

1. Abre a aplicación Adobe Digital Editions no teu Mac. Podes acceder ás túas aplicacións abrindo unha nova ventá de Finder:
  1. Fai clic no escritorio do teu ordenador Mac.
  2. Na barra do menú fai clic en «Arquivo».
  3. Fai clic en «Nova ventá Finder».



4. No menú da túa ventá Finder, fai clic en «Aplicacións».
5. Fai clic en Adobe Digital Editions.
2. Fai clic en «Axuda» no menú.
3. Fai clic en «Autorizar o ordenador...».
4. Introduce o enderezo de correo electrónico e o contrasinal utilizados na [Etapa 1. Crear un usuario Adobe](#).
5. Fai clic en «Autorizar».

Adobe Digital Editions está agora configurado para a lectura de libros dixitais prestados. Xa non terás que repetir as etapas precedentes.

## **Etapa 4. Tomar prestado un libro e descargalo no teu Mac**

Vai ao sitio da túa biblioteca utilizando o navegador web do teu ordenador.

1. Co navegador web do teu ordenador, percorre o catálogo da túa biblioteca para atopar o libro que queres pedir prestado.
2. Na páxina de resultados da procura ou na ficha detallada do libro, fai clic sobre o botón «Pedir prestado».
3. Fai clic no botón «Confirmar o préstamo».
4. Fai clic no botón «Descargar» para descargar o arquivo do libro dixital. Podes igualmente descargar o arquivo utilizando a ligazón que se che enviou por correo ou mesmo na sección «Préstamos e reservas» do teu perfil.
5. Fai clic no arquivo descargado desde o teu navegador para abrilo. Podes acceder á descarga abrindo unha nova ventá en Finder:
  1. Fai clic no escritorio do teu ordenador Mac.
  2. Na barra do menú fai clic en «Arquivo».
  3. Fai clic en «Nova ventá Finder».
  4. Na túa ventá de Finder fai clic en «Descargas».
  5. Fai clic no arquivo descargado que terá unha extensión .acsm.
6. De forma predeterminada, abrirase con Adobe Digital Editions.

O arquivo descargado ten a extensión .acsm debido ao seguro dixital co que está protexido.

## **Etapa 5. Transferir un libro dixital ao teu lector a partir do teu Mac**



As capturas de pantalla seguintes representan un lector Kobo, pero as instrucións son as mesmas sempre que esteas a utilizar un lector compatible con Adobe Digital Editions.

## **Etapa 5. Transferir un libro dixital ao teu lector desde o teu Mac**

Asegúrate de abrir o programa Adobe Digital Editions para transferir desde o teu Mac ao teu lector o libro dixital que tomaches prestado.

1. Conecta o teu lector ao teu ordenador por medio do cable USB que acompaña o teu lector. Autoriza o teu Mac no teu lector.
2. Na túa biblioteca de Adobe Digital Editions, selecciona o libro dixital que queres transferir ao teu lector.
3. Arrasta e solta o arquivo na icona do teu lector.
4. Unha vez rematada a transferencia do arquivo no escritorio do teu Mac fai clic co botón derecho sobre a icona que representa o periférico do teu lector e fai clic en «Expulsar».
5. Desconecta o lector do teu ordenador de forma segura.

A primeira vez que transfiras un libro ao teu lector, este deberá estar autorizado co mesmo usuario Adobe que o programa Adobe Digital Editions.

## **Etapa 6. Devolver un préstamo antes da data límite con Adobe Digital Editions**

Asegúrate de abrir o programa Adobe Digital Editions no teu Mac para devolver antes da data de vencemento o libro dixital que tomaches prestado.

1. Na túa biblioteca de Adobe Digital Editions, selecciona o libro que queres devolver.
2. Fai clic co botón derecho do rato e logo clic en «Devolver o elemento prestado».

A devolución do libro farase efectiva nos minutos seguintes.



## Tableta ou teléfono iOS (Apple)

Para ler un libro nun iPad ou un iPhone que utiliza o sistema de operativo iOS de Apple, sigue estes pasos.

### Ler coa aplicación eBiblio

A aplicación de lectura eBiblio permite consultar, pedir prestados e ler libros dixitais da túa biblioteca directamente na aplicación, sen necesidade de transferirir ningún arquivo. Esta aplicación faise cargo de abrir o seguro dixital LCP (Licensed Content Protection) e non o seguro ACS (Adobe Content Server) que protexe os arquivos dos libros dixitais, de forma que non é necesario ter un usuario Adobe para utilizala.

Aínda que a gran maioría dos libros dixitais están protexidos co seguro LCP, algúns, debido ao seu formato ou ao distribuidor que os prové, están protexidos únicamente co seguro ACS (Adobe Content Server). Nese caso, debes utilizar outra aplicación para lelos.

### Etapa 1. Instalar a aplicación de lectura eBiblio

Instala, a continuación, a aplicación de lectura eBiblio.

1. Accede á páxina da aplicación eBiblio na App Store: <https://apps.apple.com/app/prenumerique-en-bibliothèque/ide1391138546>.
2. Fai clic en «Obter», e despois en Instalar.
3. Unha vez terminada a instalación, fai clic en «Abrir» para iniciar a aplicación.

### Etapa 2. Conectarse á biblioteca

Para poder tomar prestados libros dixitais de eBiblio, é necesario que agregues eBiblio Galicia á túa aplicación.

1. Vai á sección de «Catálogos».
2. Fai clic no botón «+».
3. Atopa a túa biblioteca percorrendo a lista de opcións.
4. Fai clic na icona «+» á dereita do nome de eBiblio Galicia para agregala ao catálogo.
5. Fai clic en «Navegar» desde o rectángulo que contén o nome de eBiblio Galicia na sección de «Catálogos» da aplicación.



6. Introduce o nome de usuario e o contrasinal da túa conta de biblioteca no menú que aparecerá despois.

A continuación, introduce o teu número de carné de biblioteca e o teu contrasinal.

Se tes un problema co proceso de identificación, por favor, contacta directamente coa túa biblioteca. Se precisas recuperar o teu contarsinal, podes facelo desde <https://registro.galicia.e.gal/cgi-bin/account-update.pl?rel=remember>

Aínda que podes engadir varias Comunidades Autónomas, só poderás tomar prestados libros daquelas nas que teñas unha conta vinculada ao carné de biblioteca desas Comunidades.

## Etapa 3. Navegar no catálogo da túa biblioteca

Agora que engadiches eBilbio Galicia, xa podes navegar no seu catálogo.

1. Fai clic en «Navegar» no rectángulo que contén o nome de eBiblio Galicia na sección «Catálogos» da aplicación.
2. Accede á páxina de inicio de eBiblio Galicia.
3. Navega no catálogo a partir da páxina de inicio ou do menú «Navegar» ou fai clic na icona da lupa para realizar unha procura a través dunha palabra clave.
4. Fai clic na imaxe de portada dun libro para acceder á súa ficha detallada.

### Explorar

A páxina de inicio de eBiblio Galicia permíteche acceder rapidamente ás novidades engadidas ao seu catálogo, á lista dos libros más populares e a diferentes seccións destacadas. Tamén podes utilizar o menú «Explorar»:

- Libros dixitais: fai clic para explorar o catálogo de libros dixitais.
- Audiolibros: fai clic para explorar o catálogo de audiolibros.
- Seleccións especiais: fai clic para percorrer e consultar as seleccións especiais creadas pola túa biblioteca.
- Categorías: fai clic para percorrer as diferentes categorías de libros que ofrece a túa biblioteca.
- Dispoñibles agora: fai clic para ver, entre as novidades engadidas á túa biblioteca, únicamente os títulos que están dispoñibles para o préstamo inmediato.



The screenshot shows the eBiblio digital library interface. At the top left is a back arrow labeled 'Catálogos'. Below it is the 'eBiblio' logo. A sidebar on the left lists 'Explorar' categories: 'Ebooks', 'Audiolibros', 'Selecciones', 'Categorías', and 'Disponible ahora'. Under 'Adquisiciones recientes', there are four book covers: 'Si quieras caminar sobre las aguas', 'Diseño de sol', 'El despertar de los muertos', and 'El amor de la vida'. Below these are sections for 'Top títulos' with book covers for 'MOHANA', 'La niña alemana', and 'Buenos padres'. At the bottom of the sidebar are links for 'Início', 'Mis libros', 'Catálogos', and 'Configuración'. The main area displays a grid of books with titles like 'Si quieras caminar sobre las aguas', 'Diseño de sol', 'El despertar de los muertos', and 'Buenos padres'.

## Procuras

Fai clic na icona da lupa para facer unha procura a través dunha palabra clave no catálogo. Tamén podes utilizar os diferentes filtros para axudarte a realizar e refinar a túa procura facendo clic na icona de pirámide invertida que aparece á beira da lupa:

- Dispoñibilidade
  - Todos: todos os libros do catálogo, estean ou non dispoñibles.
  - Dispoñibles agora: só os libros dispoñibles para o préstamo inmediato.
- Orde
  - Adquisicións recentes: os últimos libros engadidos ao catálogo sen importar a data de publicación.
  - Publicacións recentes: os libros publicados máis recentemente que foron engadidos ao catálogo.
- Idioma
- Tipo de documento
  - Libros dixitais: mostrar únicamente os libros dixitais, excluíndo os audiolibros.
  - Audiolibros: mostrar únicamente os audiolibros excluíndo os libros dixitais.
- Categoría: permite elixir unha categoría específica que che gustaría explorar.

Para quitar un filtro, basta con borrar a selección do filtro marcado.



Filtrar      Anular

DISPONIBILIDAD

Todos ✓  
Disponible ahora

FILTRO

Adquisiciones recientes  
Novedades ✓

IDIOMA

Español	138
Inglés	24
Francés	17

TIPO DE MEDIO

Ebooks ✓	179
Audiolibros	17
Vídeos	1

MATERIA

Ficción y temas afines	21
Artes	2
Biografías, literatura y estudios literarios	21
Ciencias de la Tierra, geografía, medioambiente, planificación	2

## Etapa 4. Tomar prestado un libro

Se estás a percorrer o catálogo e atopas un libro que che interesa, podes facer clic sobre a imaxe da portada. Con isto, terás acceso á ficha detalla do libro. Esta ficha presenta diferentes informacóns con respecto ao documento (formato, idioma, editor, data de publicación etc.), un pequeno resumo e, nalgúns casos, outros libros do mesmo autor ou do mesmo editor presentes no catálogo da biblioteca.

### Tomar prestado o libro

Se o libro está dispoñible, verás un botón «Pedir prestado».

1. Fai clic no botón «Pedir prestado».
2. Unha vez terminado o proceso de préstamo, fai clic no botón «Ler» para iniciar a túa lectura. Tamén podes acceder ao teu libro a través das seccións «Inicio» e «Os meus libros» da aplicación.



The screenshot shows a digital library interface. At the top, there's a header with the text 'Ebooks' and a back arrow icon. Below it is a book cover for 'Al límite' by Eric Walters, featuring a boy on a skateboard. To the right of the cover are two buttons: 'Prestar' (Borrow) and 'Muestra' (Preview). Below the book cover, there are tabs for 'MEDIA', 'FORMATO', 'PROTECCIÓN', 'DISPONIBILIDAD', and 'NÚMEROS'. Under 'FORMATO', 'EBook' is selected. Under 'DISPONIBILIDAD', 'Disponible' is selected. Below these tabs is a 'Descripción' section containing a short summary of the book. Further down is an 'Información' section with details like 'Editor: Orca Book Publishers' and 'Publicación: sep. 30, 2010'. At the bottom of the screen are navigation icons for 'Inicio', 'Mis libros', 'Catálogos', and 'Configuración'.

## Reservar

Se o libro que queres pedir prestado non está dispoñible, aparecerá che un botón de «Reservar» en lugar do botón «Pedir prestado».

1. Fai clic no botón de «Reservar» para facer unha reserva.
2. Consulta a data estimada na que o préstamo estará dispoñible na ventá de confirmación.
3. Cando o libro que reservaches estea dispoñible, recibirás unha notificación por correo electrónico.
4. Fai clic na portada do libro a partir da sección «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación.
5. Fai clic no botón «Descargar» para activar o teu préstamo.

Se non abres o libro no tempo límite para activar o préstamo (48 horas), este desaparecerá e estará de novo dispoñible ou ben, pasará á seguinte persoa na lista de espera de reservas.

## Consultar un extracto

Podes consultar o extracto dun libro, independentemente da súa dispoñibilidade.

1. Fai clic no botón «Extracto».
2. Fai clic no botón «Ler o extracto» unha vez completada a descarga, podes iniciar a túa lectura. Podes acceder ao extracto do libro tamén desde as seccións «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación.



Os extractos descargados non teñen data límite. Podes conservalos no teu dispositivo ata que decidas suprimilos.

## Etapa 5. Ler un libro

Podes acceder aos libros que pediches prestados a través das seccións «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación.

A páxina de «Inicio» organiza os teus libros en diferentes listas:

- Expira pronto: contén os libros cuxo préstamo expira en menos de 7 días.
- Lendo: contén os libros e extractos que foron descargados e abertos na aplicación.
- Engadidos recentemente: contén os libros que foron descargados na aplicación pero que aínda non foron abertos.

A sección «Os meus libros» presenta todos os teus libros. Fai clic na icona da pirámide invertida que aparece á beira da lupa para filtrar os teus libros segundo diferentes criterios, ou para modificar as opcións de orde e de visualización destes.

### Ler un libro dixital

1. Fai clic na portada do libro que desexas ler na sección «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación. Se se trata dunha primeira lectura, abrirase na primeira páxina. Se xa comezaches a lelo, abrirase na páxina onde deixaches a lectura.
2. Fai pasar as páxinas co teu dedo de dereita a esquerda (ou pasa as páxinas dando pequenos toques no lado derecho da páxina).
3. Segue a progresión da túa lectura na parte inferior da páxina.

Utiliza as funcións de lectura e de visualización se o requires. Para facer isto, presiona o centro da páxina para que aparezca o menú:

- Marca-páxinas: fai clic para agregar un marca-páxinas en curso de lectura.
- Opcións de visualización: fai clic para acceder ás opcións de visualización.
  - Modifica o brillo da pantalla coa axuda do seleccionador.
  - Diminúe o tamaño dos caracteres presionando no «A» pequeño ou aumentalo apoiendo sobre o «A» grande.
  - Modifica a fonte dos caracteres facendo desfilar as opcións dispoñibles. Para isto, desliza co teu dedo, de esquerda a dereita. A fonte OpenDyslexic está especialmente pensada para facilitar a lectura de persoas con problemas de lectura, como a dislexia.
  - Modifica o modo de visualización: preestablecido (texto negro en fondo branco ou texto branco en fondo negro segundo as preferencias do teu

- sistema), claro (texto negro en fondo branco), sepia (texto negro en fondo beige), escuro (texto branco en fondo negro).
- Modifica as marxes facendo clic nos símbolos «-» ou «+».
  - Activa a opción «Dobre páxina» facendo clic no botón (vólvese verde cando esta opción está activada) para facer que o libro se mostre en dúas páxinas cando esteas a utilizar a tableta de forma horizontal.
  - Activa a opción «Desfile vertical» facendo clic no botón (vólvese verde cando esta opción está activada). Para facer avanzar o libro realiza un movemento de abajo cara arriba en lugar de facelo de dereita a esquerda.
  - Accede aos «Parámetros avanzados» facendo clic para modificar o estilo (aliñación do texto, das liñas, do espazo entre as palabras e entre as letras).
  -  Índice: fai clic para acceder ao índice do libro e ao teu marca-páxinas.
  -  Regreso: fai clic para regresar á pantalla anterior na aplicación.

## Escoitar un audiolibro

1. Fai clic na portada do audiolibro que desexas escoitar na sección «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación. Se se trata da primeira vez que o escoitas, o libro comenzará desde o principio. Se xa o iniciaras, retomará a lectura no lugar no que quedaches a última vez.
2. Fai clic no botón «Pausa» para deter a lectura e no botón «Lectura» para retomala.
3. Segue a progresión da lectura. Unha primeira barra indica a progresión da totalidade do audiolibro e, unha segunda, a progresión ao interior da pista de audio que estás a escoitar (un audiolibro está xeralmente composto de varias pistas de audio).

Utiliza as funcións de lectura se o requires:

-  Cronómetro: fai clic para activar o cronómetro e que a lectura se deteña automaticamente ao final do tempo indicado no cronómetro.
-  (30) Regreso: fai clic para retroceder 30 segundos na lectura.
-  (30) Avance: Fai clic para adiantar 30 segundos na lectura de.
-  1x Velocidade: fai clic para modificar a velocidade de lectura. Para ralentizar o ritmo da narración (ata 0,5x) ou para aceleralo (ata 2x).
-  AirPlay: fai clic para escoitar o libro noutro dispositivo conectado (por exemplo, por Bluetooth).
-  Marca-páxinas: fai clic para agregar un marca-páxinas nun momento dado sobre a pista audio que estas a escoitar.
-  Índice: fai clic para acceder ao índice do libro e ao teu marca-páxinas.
-  Regreso: fai clic para regresar á pantalla anterior na aplicación.

Precísase conexión a Internet para escoitar un audiolibro.

## Devolver un libro antes da data límite

1. Fai unha presión prolongada na portada do libro que desxas devolver na sección «Inicio» ou «Os meus libros» da aplicación ata que apareza unha ventá de menú.
2. No menú fai clic en «Devolver».
3. Fai clic en «Confirmar» na ventá que aparece a continuación.



## Ler un libro con outra aplicación

Se prefires utilizar outra aplicación no teu iPad ou no teu iPhone para ler un libro que tomaches prestado, tan só debes descargar o arquivo do libro dixital que pediches prestado a través a interface Web e despois abrilo coa túa aplicación de lectura. Precísase un usuario Adobe. Segue os pasos a continuación para coñecer o procedemento.

A aplicación de lectura que utilices debe ser compatible cos formatos EPUB e PDF e permitir a lectura dun arquivo protexido co seguro dixital Digital Rights Management (DRM) en inglés.

O procedemento descrito aquí presenta a aplicación PocketBook Reader, pero as instrucións seguen sendo esencialmente as mesmas sempre que esteas a utilizar unha aplicación de lectura compatible cun seguro ACS (Adobe Content Server).

Que é un seguro dixital (DRM)?



O seguro dixital ou Digital Rights Management (DRM) en inglés, é un programa de protección integrado no libro dixital para protexelo contra a vulneración dos dereitos de autor. Este seguro permite controlar varios parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración. Para o préstamo dixital empréganse dous seguros.

O seguro ACS (Adobe Content Server) é a solución que ofrece Adobe. Para poder consultar un libro protexido con ACS é preciso ter unha conta Adobe (un identificador persoal e gratuito) e utilizar unha aplicación de lectura compatible.

O seguro LCP (Licensed Content Protection) é unha solución aberta desenvolvida pola fundación Readium, que agrupa máis de 80 membros do sector do libro dixital. Se usas a aplicación eBiblio no teu dispositivo móvil iOS ou Android, este seguro dixital será o empregado.

Que é un usuario Adobe?

Un usuario Adobe é unha conta gratuita que che permite abrir os libros protexidos polo seguro dixital e consultalos en varios dispositivos. Para poder ler o mesmo libro en varios dispositivos, cada un debe estar autorizado co mesmo usuario Adobe.

## **Etapa 1: Crear un usuario Adobe**

Se xa tes un usuario Adobe pasa directamente á [Etapa 2. Instalar a aplicación de lectura PocketBook Reader.](#)

Un usuario Adobe é unha conta gratuita que che permite abrir libros protexidos polo seguro ACS (Adobe Content Server). Este ferrollo permite controlar varios parámetros do préstamo dixital, principalmente a súa duración.

1. Accede á páxina de conexión de Adobe: <https://accounts.adobe.com/>.
2. Fai clic en «Crear unha conta».
3. Enche o formulario e toma nota do enderezo de correo e o contrasinal que empregaches. Le as Condicións de uso e fai clic en «Crear unha conta».

O teu usuario Adobe é o enderezo de correo electrónico que esribiches no formulario. Non te esquezas de anotalo xunto co contrasinal que elixiches: estas dúas cousas serán necesarias para configurar todos os programas e dispositivos que requirán un usuario Adobe para ler libros dixitais.



## Etapa 2. Instalar a aplicación de lectura PocketBook Reader

Se xa tes instalada a aplicación de lectura e xa deches de alta o teu usuario Adobe, pasa directamente á [Etapa 4. Pedir prestados libros dixitais e descargalos.](#)

Instala a aplicación de lectura PocketBook Reader.

1. Accede á páxina PocketBook Reader en Apple Store: <https://apps.apple.com/es/app/ebiblio/id1541822581>
2. <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.demarque.ebiblio>
3. Fai clic en «Obter», e despois en «Instalar».
4. Unha vez rematada a instalación, fai clic en «Abrir» para lanzar a aplicación.

A aplicación PocketBook Reader non permite devolver os libros antes de tempo. O libro se devoleverá de forma automática ao final do período de préstamo. A aplicación tampouco permite escoitar os audiolibros que tomes prestados.

## Etapa 3. Rexistrar o teu usuario Adobe na túa aplicación de lectura

Para poder ler libros dixitais que tomaches prestados, debes rexistrar o teu usuario Adobe na aplicación de lectura PocketBook Reader.

1. Ir á sección de «Parámetros».
